

C . D . A s P o n t e s

Xusta derrota ante o Sada no Poboado. O Sada sorprendeu ó As Pontes no Poboado e derrotou ós locais por un contundente, pero xusto, 0-3. Os das Mariñas demostraron que están no bo camiño para a reacción dun equipo que ten plantiña para saír da zona baixa, e puideron golear a un cadro local que estivo á súa mercede todo o encontro. A primeira derrota na casa chegou nun partido moi marcado polas ausencias. O equipo nunca puido cun Sada que tomou axiña o mando en medio campo e imprimiu un ritmo de xogo moi alto. O arranque xa nos deixaba ás claras que os sadenses viñan polos tres puntos, e aproveitaron que os ponteses semellaron saír durmidos, para acumular ocasións de inaugurar o marcador. Todo facía indicar que os locais estaban a ter a fortuna de cara, ó manter a porta a cero nunha primeira media hora na que terían que estar xa por debaixo. Cando semellaba que os ponteses xa se sobrepuxeran e saíran indemnes veu un corner mal defendido, que permitiu rematar a placer a Solera ós 34 minutos facendo o primeiro gol. O xarro de auga fría veu a cinco minutos do descanso noutro corner, cabeceado desta vez polo central Félix. A reacción non chegou, e xa no segundo tempo reincidiuse na imprecisión no pase, e nos problemas de circulación do balón diante da presión dos de Sada. Así as cousas, Roberto botoulle o peche ó partido ós 59 minutos cun golazo en xogada individual.

Juan Fernández, destituído coma técnico do CD As Pontes. O técnico do conxunto local foi destituído o pasado 28 de novembro e o seu posto no banco ocupouno o adestrador dos xuvenís. A solución de

Victor Pellón, Calpita, é transitoria á espera de que se contrate a outro técnico. Dende a directiva pontesa lamentouse moito ter que tomar esta decisión, e o presidente Xaime Castro recoñecía que foi o máis duro dende que ocupa o cargo: "Juan simplemente non tivo sorte, e como isto non deixa de ser un deporte e, polo tanto, un xogo desta vez as circunstancias determinaron que perdesse", declarou. Asemade, dixo que "nós necesitabamos tomar esta decisión coma revulsivo diante do camiño que estaba tomando o equipo. Na súa marcha só nos queda agradecemento para el, que ata o último intre nos demostrou a súa grande valía como persoa".

Diversión no Poboado coa visita do Deportivo. As Pontes volveu disfrutar onte dunha velada de fútbol coa visita do Deportivo ó O poblado o pasado día 29 de novembro. O partido entre o conxunto pontés, da Autónoma Preferente, e o de Primeira División fixo as delicias dos máis novos e as gradas poboáronse de nenos. Tamén os máis novos da entidade aproveitaron ben a ocasión e ata oito xuvenís tiveron a oportunidade de enfrontarse ós xogadores que cada semana seguen por televisión. O encontro decidiuse moi cedo con dous goles do equipo visitante, porque o conxunto dirixido por Joaquín Caparrós aproveitou o nerviosismo dun As Pontes ó que lle pesou a responsabilidade. Así decantou o partido aproveitándose dos erros alleos. Ós sete minutos, Filipe facía o primeiro gol logo dun roubo na frontal nun momento no que o Deportivo dominaba claramente o partido, porque recuperaba con facilidade en medio campo e mantiña o balón lonxe da súa área. Aínda así, o

segundo gol non chegou ata o ecuador da primeira metade, cando Iago aproveitou outra perda de balón da zaga pontesa para sorprender ó meta rival cun grande lanzamento. Do segundo período só cabe salientarlle unha frivolidade de Adrián ben resolta polo gardameta local e o gol anotado por Manuel Pablo, que fixo xustiza ó máis destacado dos coruñeses. O público pontés saíu satisfeito de ver ós seus en tódolos campos porque, ademais do equipo da casa, o xogador local Adrián López aliñouse co Deportivo, e como asistente do árbitro estivo Javier Hermida, tamén pontés.

Cesión de dous puntos ante un Flavia moi forte fisicamente. O C. D. As Pontes non reacciona e cedeu un empate na casa co Flavia. Desta vez os goles salvaron un mal partido, e os afeccionados disfrutaron de catro tantos nun encontro no que os da casa non tiveron capacidade para plasmar a súa superioridade técnica. Os visitantes souperon facer valer o seu despliegue físico e nunca lle perderon a cara ó encontro. O partido pintaba ben cando, ós 21 minutos, Pedro tiña a ocasión de abrir o marcador cun penalti. O seu erro impedíulle ó As pontes poñerse por diante. Redimíuse axiña Pedro e marcou o 1-0 ós 28 minutos nun man a man co gardameta visitante. E, a tan só cinco minutos para o descanso, Toño marcou o gol do empate nunha mala acción defensiva dos ponteses. Pedro volveu poñer en vantaxe ós seus o facer o 2-1 no minuto 42. Foi logo dun inocente penalti cando, no 63, Lalo estableceu a igualada cun disparo que entrou chorando, logo de que case chapase Marcos.

O Esteo Fútbol Sala

Por la borda una ventaja de dos tantos en Bueu. O Esteo desperdiçou una buena oportunidade para lograr los tres puntos en su desplazamiento a la cancha del Bueu, ante el que cayó derrotado por un apretado 4-3. La primera mitad fue muy igualada con las defensas imponiéndose a los ataques, lo que llevó a que al descanso los contendientes se retirasen a los vestuarios con el marcador inicial. La segunda parte fue mucho más movida. El cuadro pontés logró ponerse con dos tantos de ventaja, tras acertar Sergio a enviar el esférico al fondo de la red en dos acciones de todo el equipo. Pero en el minuto 30, Marita niveló la contienda, lo que volvía a dejar abierto el partido. El Bueu cobró ventaja y O Esteo arriesgaba para empatar, pero no tuvo tiempo a pesar de tener una clara oportunidad a dos segundos del final.

Regreso a la senda del triunfo ante el Boston. O Esteo rompió con su racha negativa de los últimos encuentros y volvió a ganar, a costa del Boston, al que derrotó por 6-2. Recuperaba Rubén Urueña jugadores y esto se notó tras unas jornadas en las que el cuadro pontés estuvo muy mermado. Además, el partido empezó muy bien, con un gol antes de que se cumpliera el primer minuto. Marcó Aitor poniendo en ventaja a los locales, que pudieron jugar, así, tranquilos y mandando en el partido. El susto llegó con el empate en el ecuador de la primera mitad, pero respondió Fran con el 2-1. Otro tanto de Fran y uno de Sergio pusieron un 4-1 tranquilizador al descanso. Al final un 6-2 claro y merecido para los ponteses, que volvían a la senda de los triunfos.

La comarca muestra su nivel en el trofeo de kárate de As Pontes

Los deportistas de la comarca de Ferrolterra demostraron su nivel en la sexta edición del trofeo de kárate Concello de As Pontes, disputado el domingo 19 de noviembre en el pabellón de la localidad. Los vencedores en kata fueron Alberto Dosouto (River Stone) y Viviana Pensado (O Coto), en juveniles, y Xoán García (O Coto) y Soraya Rodríguez (E. K. Narón), en cadetes. En kumité juvenil masculino, Julián Corral (Narón), ganó en -50; Timoteo García (Renbukan), en -55; Daniel

Roo (Teo), en -60; Jesús Rivera (Ortigueira), en -65, y Diego Mella (Narón), en el peso de +70. En kumité cadete masculino -65, ganó Javier Sabín (Narón), mientras que en +75 venció Álvaro Otero (Teo). En las modalidades de kumité open, los triunfos correspondieron a Leiticia Lorenzo (Squash), y Soraya Rodríguez (Narón), en categorías juvenil y cadete, respectivamente. Casi con toda seguridad, el trofeo Concello de As Pontes tendrá continuidad en siguientes ediciones.

X Trofeo Federación Galega de Tirco con Arco en As Pontes

El pasado sábado 25 de noviembre el Municipal de As Pontes acogió el X Trofeo Federación Galega en el que tomaron parte 87 tiradores. La competición finalizó con los arqueros de Ferrolterra colocados en las primeras posiciones. Así, el anfitrión Sílex se hizo con el oro en recurvo senior femenino de la mano de Juana Martínez, mientras que en veteranos, Félix y Adriano Romero lograrían el primer y el segundo puesto. Por parte del Arco Narón, Iria Grandal y Yan

Hua Chen conseguirían ocupar el podio en recurvo cadete femenino, mientras que en masculino Angel Cagiao se haría con la plata. En esta misma modalidad, pero en senior, Xaquín Mira se subiría a lo más alto del cajón. José Piñón completa los medallistas naroneses con otra plata en compuesto senior. El Arco Ferrol sumó dos preseas de la mano de Iván Castro y Elo Rey, primero en recurvo cadete y tercera en senior.

Rugbi Fendetestas

A primeira victoria en Lugo. O Fendetestas sumou á fin a súa primeira victoria da tempada ó vencer ó conxunto de Maseda de Muimenta por un marcador final de tres a vintecatro. Malia a presunta bisonñez dos lucenses, o encontro foi moi complicado para os ponteses, que apenas puideron sacar partido do seu dominio sobre o campo. Os locais saíron moi motivados, e impuxeron un xogo de desgaste das dianteiras, na que tiñan moita superioridade de peso. Os intentos dos ponteses de levar o xogo a tres cuartos eran infructuosos xa que os de Muimenta forzaban unha e outra vez o xogo agrupado. Así, os tiros a paos podían decantar o partido e Kiko adiantou ós de Ferrolterra no minuto 10. Co Fendetestas buscando un xogo máis dinámico de dianteira, conseguiron seguir forzando golpes de castigo en xogadas nas que si amosaron os lucenses a súa inexperiencia. A pouco do descanso, unha xogada ensaiada permitiu a Bardaos face-lo primeiro.

Ás portas da sorpresa fronte ó Zalaeta. O Fendetestas volveu quedar ás portas da sorpresa na súa visita ó líder Zalaeta caeu por 22-8 nun partido no que pesou moito a péssima actuación arbitral. Os coruñeses foron superiores no cómputo xeral



do enfrontamento, e tiveron case sempre o balón, pero non atopaban como rachar a boa defensa pontesa. Mesmo a primeira parte rematou cun 5-0 para os locais despois dun ensaio, concedido polo árbitro, logo

de que que o balón e o xogador que o portaba tivesen saído fóra previamente. Na segunda metade, seguíu a tónica da posesión dos herculinos e a dura defensa pontesa. Isto permitíulle ós de Kiko recuperar balóns para buscar o contraaque, pero atopábanse unha e outra vez coas decisións arbitrais, que imposibilitaban que o partido tivese o ritmo que lles interesaba. Co segundo ensaio para o conxunto do Zalaeta, mediada xa a segunda parte, aínda houbo tempo para que os ponteses volvesen apretar o partido cun golpe de castigo transformado e un ensaio posterior de Álvaro. Estaba entrando o encontro xa nun ida e volta contínuo, gañando un dinamismo que tamén coincidía cun novo ensaio do Zalaeta. Co dezasete a oito, o partido endureceuse, e entre o pesadísimo do campo, o protagonismo arbitral e o desgaste dos dous equipos, o xogo foise continuamente a fases estáticas. Xa cun home menos no campo, pola expulsión de Pobra, o Fendetestas viu fuxir as súas remotas opcións cun novo ensaio local. Polo Fendetestas xogaron: Sergio, Moncho, Pablo, Gallardo, Pobra, Rafa, Barbas (Xose, min. 50), Rayito, Flecha, Kiko, Toño, Antón, Manolo, Kike (Maxi, min. 40) e Álvaro.

